

No fondo, a boca negra e ameazante dun túnel. Carlos Beira traballa na máquina de inflar globos. Entra D. Vicente e Macías.

D. Vicente.- Bos días, Sr. Beira. ¡Temos unha mañá excelente! Luce un sol espléndido, chilran os páxaros e...

Carlos.- ¿Seica quer vostede algo de min, Sr. Macías?

D. Vicente.- Eh... Si... Mais antes quería anunciar-lle a cegada da primavera.

Carlos.- Xa vexo. Mesmo parece vostede unha estampa de Botticelli.

D. Vicente.- ¿Como di?

Carlos.- Non, nada. Son cousas miñas.

D. Vicente.- Eh... ¿Como vai esa produción de globos, Sr. Beira?

Carlos.- Bon, cada vez hai máis feitos...

D. Vicente.- ¡Iso está mui ben! Temos que conseguir que a xente sinta unha verdadeira paixón polos artigos que fabricamos agora con esta nova tecnoloxía lixeira. ¡Siga inflando, siga coa inflación!

Sila.- ¡Hola! ¿Como vai esa vida, papai?

D. Vicente.- Filla, este non é un xeito de saudar, estando o Sr. Beira presente

Sila.-¡Ah! Non me decatara... ¿Que tal andamos, “sogro”?

Carlos.- Eh... Bon, non me podo queixar.

Sila.- Non sei que andas a facer co teu corpo. ¡Tes un aspecto aborrecido!

D. Vicente.- ¡Filla! O Sr. Beira xa non ten os teus anos.

Sila.- ¡Quen lle dera a el! ¿Eh, meu “sogriño”? (Aloumiña-o)

D. Vicente.- ¡Isto é intolerável!

Sila.- Home, pai, non te me alporices, que tamén teño algo para ti, ¡eh! (Aloumiña-o tamén)

D. Vicente.- ¡Abonda! Estás conseguindo que me sinta violento! Eh... Vostede siga inflando puñetas... Eh, non, quixen dicir que te vaias a facer puñetas, filla. Perdón, Sr. Beira, vostede non, siga inflando globos... (Marcha, nervoso e murmurando) ¡Virxe Santísima! ¡Xa non sei o que digo! (Entra Xoel)

Xoel.- ¿Que tal vai esa produción, pai? Hola, Sila. Levo trece semanas buscándote. Uxío ten o último vídeo dos “Green Water”. ¡Un encanto!

Carlos.- ¿Ainda non encontrá-che traballo, fillo?

Xoel.- ¡Papai...! ¡Non entendo por que es tan impaciente!

Carlos.- Escoita, fillo...

Sila.- Oh, papai, ¿por que es tan pesimista? ¡Estes son outros tempos!

Carlos.- Non se pode vivir sen traballar. ¡Non é honrado!

Xoel.- Máis ben non se debe vivir para traballar.

Carlos.- Levo toda a vida luitando para os da nosa condición podamos vive5r con dignidade... ¡Envergoña-me ter un fillo que arrenega dos seus!

Xoel.- ¡Non podo aturar o voso autoritarismo!

Sila.- Sempre estades co mesmo! Papai, non entendo que gosto lle encontras a pór-te trascendente.

Carlos.- Sila, este é un asunto que temos que arranxar entre os dous, de home a home.

Xoel.- Meu pai e os seus luita por unha sociedade mellor, sen inxusticias, onde non exista a opresión do home polo home... Non atranques o camiño, Sila. ñE unha luita de homes.

Carlos.- ¡Ti es un vago!

Xoel.- E ti es o único que sabe o que hai que facer.

Carlos.- Teño máis experiencia que ti. Sei o que é o mundo.

Sila.- Papai, na tua mocidade as cousas eran distintas (Agarimando-o). O corpo non o temos somente para traballar.

Carlos.- ¡Non entendes nada!

Xoel.- Non, non entendo cando chegará ese mundo voso. ¡O paradiso!

Carlos.- Temos que lutar e sermos solidários cos oprimidos... Perdón, Sila. Non quixen ferirte.

Sila.- Non te preocupes. Eu tampouco estou de acordo co meu pai.

Caetano.- ¿Podo entrar? ¿Non molesto?

Carlos.- Pase, Sr. Caetano. Non quede na porta.

Caetano.- (Entra) ¿Están vostedes ocupados? Perdoando. ¿Non interrompo?

Sila.- Bons días.

Carlos.- Aquí nunca molesta, Sr. Caetano.

Caetano.- Si, xa sei, xa. ¿Como está vostede, D. Carlos?

Carlos.- Xa ve, traballando, coma sempre. Non coma outros... (Mira ao fillo)

Caetano.- D. Carlos, se estaban falando algo entre vostedes... Veño somente a traerlle unhas cousas á Sra. De Macías.

Carlos.- Non se preocupe. Xa acabáramos a conversa. Séntese un pedaciño, ¡ho!

Caetano.- (Sentando-se) Gracias, D. Carlos.

Xoel.- Nós xa nos íamos. Temos muito que facer. ¡Até logo!

Sila.- ¡Adeus papai! ¡Adeus Caetano!

Carlos.- Sr. Caetano, Sila, Sr. Caetano...

Caetano.- Déixeos, D. Carlos. Os mozos, xa se sabe, como a leña verde: todo é fume.

Xoel.- (Con retranca) ¡Ah! Por certo, papai. ¿Sabes que é ese túnel?

Carlos.- (Nervoso) ¿Eh? Non, non o sei... ¡Idevos xa! Teño muito que facer (Comeza a traballar) Un día fermoso, non si, Sr. Caetano? Nota-se que chegou a primavera.

Xoel e Sila.- (Rindo) ¡Adeus papai! ¡Adeus Caetano!

Carlos.- ¡Conte-me, Caetano, conte-me! ¿Como van esas leiras?

Caetano.- ¡Ai, señor! Ben, o que se di ben, non van. Mais tampouco andan mal. ¡Ainda podían ir-lle peor!

Carlos.- (Sorrí) Eh... ¡Claro, claro! Hoxe as cousas non andan moi ben.

Caetano.- Non sempre lle vai haver fartura.

Carlos.- ¡Xa, xa! Mais... Non me vai dicir que isto... Vamos, quero dicir que as cousas non andan ben...

Caetano.- Non, D. Carlos. Ten vostede razón. As cousas non andan ben. Este ano foi-lle cousa do pedrazo.

Carlos.- Do... ¿Pedrazo?

Caetano.- Si, da saraiva. Xa me entende. Estragou a colleita.

Carlos.- ¡Ah, si! ¡Claro, claro! Mais hai cousas que non van ben por outros motivos. Uns vivimos peor que outros...

Caetano.- ¡Nunca chove a gusto de todos, D. Carlos! Cada ún fala da feira segundo lle foi nela. Hai que ter paciencia.

(Unha sombra enorme proxecta-se sobre os dous homes. escoita-se a voz atroadora da Sra. de Macías).

Sra. de Macías.- Son moi cativos os tomates e a leituga está comesta dos vermes.

Caetano.- Perdoe-me vostede, señora, pero será mellor que os vexa primeiro.

Sra. de Macías.- Non preciso molestarme. A catro os tomates e a dúas as leitugas.

Caetano.- non lle pareza mal, señora, mais por ese preço, si que prefiro botar-lle todo aos vermes. ¡Animaliños! A seis os tomates e a catro as leitugas. Non lle baixo un real!

(Mentres Carlos segue a producir globos, aparece a Sombra da Represión, que apuxa a Caetano).

Caetano.- (Revirándose co paraguas) ¡Vai de aí, espantallo, estadea do demo, que che vou a...! ¡Salva-che que non trouxen allos, que se non...!

Sra. de Macías.- Está ben

(Desaparece a Sombra da Represión)

Sra. de Macías.- Cinco polos tomates e tres polas leitugas. É a miña última palabra.

Caetano.- Iso xa está mellor. Eu son-lle dos que pensa que falando se entende a xente... Velaquí ten a mercancía.

(A Sra. de Macías bota fora unha man grande, enfundada nun guante negro)

Sra. de Macías.- E aquí están os cartos.

(Paga e recolle a mercancia. Caetano mira con desconfianza a Carlos, conta o diñeiro e despois garda-o)

Caetano.- (A Carlos) Ben, hoxe xa gañamos o día. ¿Sabe, D. Carlos? Estou aforrando cartos para comprar un bon piso na cidade. Comprarei-lle un coche ao meu fillo para que veña vivir nel... E tamén vídeo. A ver se así encontra unha boa moza para casar con ela. Poderá gañar moitos cartos se vende o piso máis adiante. Pero isto non o diga por aí. Xa sabe como é a xente. Hai moitas envexas e... Ben, vou dar-lle de beber ao gado. ¡Que teña vostede bons días, D. Carlos!

Carlos.- ¡Agarde! Gostaría de seguir falando con vostede...

Caetano.- O gado non pode esperar. Hai que cuidá-lo coma un neo. Seguiremos coa conversa outro día. ¡Adeus!

(Entran D. Vicente e o Predicador. Este leva un traxe de executivo, adornado con algunha prenda relixiosa e excéntrica).

D. Vicente.- (A Carlos) Presento-lle ao novo director espiritual da miña señora. Pertence a unha secta americana que predica a redención dos pecados ante a apocalipse que se aviciña co SIDA, a guerra nuclear, a contaminación e todo iso... Xa sabe.

Carlos.- Está ben. Vostedes dirán.

Predicador.- D. Carlos, como enviado divino, veño dicir-lle que o pecado botou semente no corazón da súa familia.

Carlos.- ¿Pensa vostede que é así?

Predicador.- ¡Abofé que é certo! Eu podería recomendar-lle que compre algún destes vídeos publicados por min (mostra-lle os vídeos). Neles explican-se as miñas teorías revolucionarias para salvar almas pecadoras, nestes momentos de crise, cando está a chegar o Xuício Final. Aseguro-lle que as cancións dos vídeos son moi boas. Como esa de *July & The Good Boys* (canta): "¡Oh, meu Deus; oh, meu Deus, que vai ser agora de nós con tanto SIDA e tan poucos condóns"!

D. Vicente.- (Aplauda) ¡Bravo! ¡Moi ben, moi ben! Precisamente, eu xa tiña pensando abrir unha sección nova para producir preservativos, gomiñas desas de caucho que, de calquer xeito, non deixan de seren globos. Foi unha bendición do Céu a que volveu pór en marcha esta industria. ¡Xa case estaba obsoleta!

Carlos.- Si, unha bendición... E tamén unha publicidade aproveitada.

Predicador.- ¿Que dis, meu fillo?

Carlos.- Non, nada, nada. Así está mellor, coma nos vellos tempos. Progreso e tradición. ¡Si señor!

Predicador.- ¡Ah, que extraños milagres obrou esa maravillosa combinación entre a revolución conservadora de Mr. Reagan e a iluminación divina!

D. Vicente.- Por suposto, meu amigo, por suposto. Revolución e progreso, tradición e condón. ¡Espléndido!

Predicador.- ¡Claro! E falando de *marketing* celestial... (Con ollos lascivos) *July* aparece nos meus vídeos con *bodies*, *tangas* e ligueiros de fantasía. Todo moi excitante. Alá no meu país recomendamos-lles ás mulleres que usen roupa interior suxestiva. É o mellor de estimular aos seus homes. Así triunfan no traballo, na profesión, nos negocios... Até acadar o Reino dos Ceus. ¡Ah, que grande foi Calvino!

Carlos.- Si, e tamén foi moi listo.

Predicador.- Pero estes son outros tempos, coa imaxe, os medios audiovisuais... Por iso apareceron no meu país, xa hai tempo, as chamadas "Igrexas da TV". Aquí, claro, no seu país, tan subdesenrolado... Case non se sabe nada destes adiantos relixiosos. Por iso viñen eu, xunto con outros irmáns, para traer a boa nova salvadora, a redención dos vossos pecados. Nós resumimo-lo así: "Polos cartos ao Reino dos Ceus". Pensamos facer aquí moi bons negocios... Divinos, naturalmente.

Carlos.- Xa, vostede debe ser como aquel *Padre Jones*, o da matanza da *Guyana*...

Predicador.- Bon (carraspea)... Tampouco se trata diso, precisamente. Aquilo foi algo moi distinto, moi triste, certo. O noso cetra-se máis na imaxe, nos medios audiovisuais e no *marketing*. Aínda que tamén vendemos estas cintas de *cassette*, coa miña voz. Nelas falo dos métodos que deben empregarse para acadar estados de ingravidez. Así, a xente pode levar mellor as súas mágoas eo seu traballo, mentres vai levitando pola vida.

Carlos.- Si, coma papóns.

D. Vicente.- ¡Sr. Beira, por favor...!

Carlos.- Perdoe, D. Vicente. Pode vostede continuar, señor predicador.

Predicador.- Si, si... ¡Ah! Tamén teño libros meus con métodos de purificación espiritual, moi depurados, feitos cunha mistura de cantos, ioga, salmos, litanias e, iso si, moitos golpes de peito. As meditacións... ¡A moreas! *Business is business*, como dicimos nós, alá no meu país.

D. Vicente.- Si. Os negocios sonos negocios. Eu comprei-lle de todo, Sr. Beira. Vídeos, cassetes e libros. Xa coñece vostede a miña reputación relixiosa e, claro, teño unha posición social... Ademais, eu son progresista e posmoderno. Os tempos cambiaron moito. Espero que se extenda o meu exemplo entre a xente da súa condición... Tamén temos que conseguir o progreso relixioso.

Carlos.- Entendo-lle, Sr. Macías, pero eu... Para comprar... Perdoe, mais o salario non me permite moitos excesos. Se vostedes queren santificar os adiantos da revolución tecnolóxica... Ben, iso non é cousa miña.

Predicador.- ¿Duvidas da necesidade de iluminar as tecnoloxías pecadoras coa luz divina?

Carlos.- Non, non é iso... Exactamente. Eu quería dicir que...

D. Vicente.- Ben, ben. A verdade é que tampouco viñemos aquí para discutir cuestións teolóxicas tan difíciles (Fai-lle un sinal ao Predicador).

Carlos.- Non, claro, supoño que non.

Predicador.- Non, por suposto. Así que será mellor... Si, será mellor que cheguemos a un entendimento de outro xeito. As dúbidas que tes confirman a tua culpa como pecador.

Carlos.- Se vostede pensa que é así...

Predicador.- Si, o asunto é moi grave e teremos que recurrir a métodos máis radicais.

Carlos.- Ben, pero antes dígame cal é a miña culpa...

Predicador.- Non podemos perder o tempo. Precisamos facer un esconxuro. ¡Axiña! Soba comigo a esta máquina (Soben). Así está ben. Agora temos que berrar isto: “¡arrenégote demo; vade retro, Satanás!”

D. Vicente.- Bon, coido que, se cadra, darian mellor resultado outros procedementos máis modernos... ¿Non pensa así vostede?

Predicador.- ¡Non hai nada máis eficaz que seguir a tradición, meu fillo! Velaquí estamos, pisando esta máquina, símbolo da eternidade e do pecaminoso progreso.

D. Vicente.- ¡Eh! ¡Niso xa non estamos de acordo! ¡Baixen de aí! ¡A máquina é miña! ¡Veña!

Predicador.- ¡eu son o enviado de Xehová, de Buda e máis de Mahoma!

D. Vicente.- ¿Por que? Non sei quen é ese señor.

Predicador.- Absolvo-che entón do teu pecado. Está ben. Será mellor que baixemos. De calquer xeito, a máquina é de D. Vicente e hai que respetá-la (Baixan).

D. Vicente.- Teño que falar con vostede.

(Retira-se a un lado co Predicador. Despois de falaren en privado, volven con Carlos).

Carlos.- Bon, agora que xa estamos os tres outra vez á mesma altura, queren dicermes cal é o asunto que imos tratar?

Predicador.- Está ben. As suas dúbidas obrigan-nos a tomar decisións máis firmes. Veña comigo, D. Carlos. Falaremos aparte.

Carlos.- Mire, señor predicador, eu non lle creio en Deus...

Predicador.- Está ben, fillo, ese é un problema teu... Quero dicir que se eu creio e ti non... Pois, coño, agora temos que falar de outro asunto, ¿entendes?

Carlos.- Si, xa.

Predicador.- Sei que pensas que D. Vicente é inxusto, que non ten dereito a entremeter-se na vida dos vós fillos...

Carlos.- Exactamente. Aínda que el teña máis cartos...

Predicador.- ¡Ah! Velaí o *quid* da cuestión: ¡el ten máis cartos! Trátase dunha ecuación de primeiro grao moi fácil de resolver. ¡Cré-me, fillo! ¡É preciso agardarmos a chegada do Reino dos Ceus!

Carlos.- Xa lle dixen que eu non creio en Deus. Temos moito que facer na Terra e non lle entendo nada de reinos das nubes.

Predicador.-¡Dos Ceus!

Carlos.- ¡Tanto ten!

Predicador.- Tes razón. O importante é que agora cheguemos a un acordo, ¿non si?

Carlos.- Está ben. Non penso prohibir-lle ao meu fillo que saia con esa moza, mais farei o posíbel por impedir-lle-lo.

Predicador.- ¡Vexo que nos entendemos á perfeición! Agora vou falar axiña con D. Vicente (A D. Vicente) ¡Ben, xa podemos irnos!

D. Vicente.- ¡Magnífico! Supoño que o Sr. Beira sería razoábel...

Predicador.- ¡Naturalmente que si! ¡Até logo, D. Carlos!

(Van-se)

Carlos.- ¡Adeus!

(Carlos segue a traballar. Despois dun anaco, entra o Xeneral)

Xeneral.- Bons días, señor...

Carlos.- Beira, Sr. Beira.

Xeneral.- Ben, señor Beira, eu veño a falar co seu xefe. ¿Onde podo encontrá-lo?

Carlos.- Pois agora mesmo acaba de saír cun predicador.

Xeneral.- ¿Sabe se vai tardar en volver?

Carlos.- Supoño que non. Ven por aquí de cando en vez para revisar a produción.

Xeneral.- (Distraído) ¿A máquina...? ¡Ah! Si, si. Continúe vostede co seu traballo.

(O Xeneral comeza a dar voltas polo lugar. Asubia. Mostra-se inquieto. Volve a pasear. Asubia. Senta-se. Ergue-se. Asubia, etc.)

Xeneral.- (A Carlos) ¿Cal é a actividade principal desta fábrica?

Carlos.- Globos.

Xeneral.- ¿Globos?

Carlos.- Si. ¿Non o sabía?

Xeneral.- (Consulta un documento) Si... Tiña noticias do asunto. ¿Pero non traballan outro tipo de produto?

Carlos.- Pois... Non.

Xeneral.- (Fica pensativo) Globos... Somentemente globos.

(Carlos volve co seu traballo. O Xeneral volve a pasear, absorto cos seus pensamentos. Para-se. Reflexiona. Encolle-se de ombros e volve a pasear, asubiando. Pasea e asubia, etc.)

Xeneral.- Parece que o seu xefe tarda moito.

Carlos.- D. Vicente debe estar a chegar.

Xeneral.- ¿Chama-se D. Vicente? (Consulta de novo o documento)

Carlos.- Si señor. D. Vicente Macías.

Xeneral.- (Garda o documento) ¡Ah, si, si...! Xa non me lembrava
(Senta-se outra vez, inquieto. Entra o Executivo).

Executivo.- Bons días.

Carlos e o Xeneral.- Bons días.

Executivo.- Espero non estar equivocado. ¿Estou na fábrica de D. Vicente Macías?

Carlos.- Si señor. ¿En que podo servir-lle?

Executivo.- Teño concertada unha entrevista con ese señor para... (Mira o relóxo)
¡Cheguei cun cuarto de hora de antelación!

Xeneral.- (Ergue-se case dun brinco) ¡Ah! Iso quer dicir que D. Vicente non tardará en chegar.

Executivo.- Espero que non. Eu gosto moito da puntualidade.

Carlos.- Ten algún asunto urgente para tratar con el?

Executivo.- Ben, imos ver se chegamos a un acordo. Eu son experto en *marketing* e informática. D. Vicente pensa que esta fábrica, despois da produción que xa ten acumulada, precisa urgentemente dunha estratexia para colocar o produto no mercado. A empresa tamén necesita informatizarse máis a fondo. Xa saben vostedes que a revolución tecnolóxica provocou unha competencia económica moi forte e as empresas que non renovan os produtos e a tecnoloxía teñen que pecharen as portas, máis tarde ou máis cedo. Renovar-se ou morrer.

Carlos.- ¡Ah, xa, xa...! E pensa vostede que será preciso facer algún axuste de persoal. Quero dicir...

Executivo.- Entendo-lle, entendo-lle. Vostede está preocupado polo seu posto de traballo. É natural.

Carlos.- Polo meu, claro. E tamén polo dos meus compañeiros.

Executivo.- Si, si, claro, claro... Trata-se dun asunto mui delicado. Pero, se se presenta o caso, teremos muito cuidado en arranxá-lo de maneira que non fiquen perxudicados ninguén.

Carlos.- ¿Ninguén? Alguén terá que saír perxudicado se hai que facer axustes entre o persoal da empresa e, por suposto, D. Vicente seguirá o seu consello, adoptando as decisións que máis lle conveñan.

Executivo.- Ben, ben. Creo que vostede está a precipitar os acontecementos. Entendo a súa inquietude, mais non a comparto. Aínda non podemos partir da premisa de que é necesario un axuste de persoal. Se cadra, sómente será preciso sondear as necesidades do mercado para situar o produto nalgún sector do mesmo, tendo en conta as leis elementais da oferta e da demanda. Comprenda, ademais, que eu son un traballador que cobra un salario coma vostede.

Carlos.- Non é o mesmo, non é o mesmo... A xente coma vostede non pertence ao noso Sindicato.

Executivo.- De acordo, pero tamén son un asalariado...

Carlos.- Vostedes ocupan cargos altos, cobran salarios elevados e posúen coñecementos que nós non temos. Poden exercer unha influencia mui importante sobre todos nós, adoptar decisións que nos favorezan ou perxudiquen. Vostedes non son obreiros. Son cadros, executivos, técnicos, profesionais, expertos de cualificación superior. Mesmo poden ser empresarios ou executar decisións trascendentes para a empresa e os traballadores. Por iso organizaron o seu propio Sindicato. Teñen intereses diferentes aos nosos.

Executivo.- Si, mais tamén podemos estar no paro ou ver-nos obrigados a traballar nun posto de cualificación inferior, por non termos onde escoller... Hoxe as cousas non están fáceis para ninguén. Os cambios sociais e económicos afectan-nos a todos e son tan rápidos que é difícil manter o equilibrio. Ademais, non hai mui boas condicións para escoller.

Carlos.- Xa. Pero vostedes sempre están nunha situación privilexiada e, máis tarde ou máis cedo...

Executivo.- Para iso nos preparamos e investimos diñeiro en anos de estudos. Logo resulta mui difícil conseguir experiencia para acadarmos boas posicións laborais. Somos os traballadores cualificados que demanda a sociedade moderna. Vostedes teñen que adaptar-se aos novos tempos e abri-se camiño para arranxaren a súa situación.

Carlos.- Iso é mui fácil decí-lo.

(Acalora-se a discusión. As voces van perdendo-se ao mesmo tempo que a luz. Oscuro. O Xeneral observou atentamente, mais distante, toda a discusión. Ergueu-se nalgún momento e camiñou con xesto reflexivo, atento ao que estaba escoitando. Pero volveu a sentar-se axiña, para observar de novo a discusión con ollos escrutadores. Agora, a luz vai iluminando lentamente unha parte do escenario, onde están a falar D. Vicente e o Xeneral. Trata-se do despacho do Sr. Macías. O resto do escenario está escuro).

D. Vicente.- Surprende-me vostede, Xeneral. Sinto muito respecto pola institución que representa e comprendo as necesidades de defensa que pode ter o noso país. Mais, ¿como lle diria...? Sinto-me abraido. Nunca pensei que tivese importancia a miña modesta empresa para os seus cálculos loxísticos.

Xeneral.- Meu amigo, xa sabe vostede que un grau non fai o graneiro, pero...

D. Vicente.- E, neste caso, o Estado Maior considera que a miña empresa deve ser un grau na cadeia dedicada á produción do armamento.

Xeneral.- Non exactamente. Explico-me. Estou a facer-lle unha proposta. Non falo dunha expropiación ou dunha ocupación por motivos bélicos. A súa empresa figura entre as que serían de utilidade militar no caso de producirse algún conflito bélico. Nese caso, teríamos que dispór das súas instalacións para fabricar pezas de armamento, bastante sofisticadas, por certo.

D. Vicente.- (Fachendoso) ¡Caramba! Iso fai que me sinta importante.

Xeneral.- Mais tamén é unha responsabilidade séria, Sr. Macías. Non o esqueza.

D. Vicente.- Si, claro, naturalmente...

Xeneral.- Nós temos por costume actuar con absoluta reserva. Supoño que xa coñece as normas castrenses...

D. Vicente.- Bon, eu non son un experto na materia, coma vostede, pero fago-me cárrego do asunto.

Xeneral.- Para nós a defensa da pátria está por riba de todo. Identificamo-nos coa nosa bandeira. Agora non estamos en tempo de guerra... Aínda que isto convén matizá-lo.

D. Vicente.- Vostede dirá.

Xeneral.- Por outro lado, xa pode supór que a dedicación da súa empresa á produción de armamento, cando menos dun xeito sectorial, polo momento, reportará interesantes beneficios para a fábrica... E, por suposto, para vostede, persoalmente.

D. Vicente.- Fago-me cárego diso.

Xeneral.- Está ben. Supuxen que nos entenderíamos axiña. Como lle dicía... ¡Ah, si! Calquera sabe que a nosa nación non se encontra nunha situación bélica de emerxencia, nen existen probabilidades tanxíveis de conflito armado.

D. Vicente.- ¿Daquela?

Xeneral.- Iso é o que pretendo explicar-lle Vostede xa estará farto de escoitar iso que se coñeceu popularmente como a “guerra das galáxias” ou das “estrelas”.

D. Vicente.- Naturalmente que si. Coñezo o tema. ¡É apaixoante!

Xeneral.- Ben, pois aquí é onde vostede pode aportar o seu grau de area miudo.

D. Vicente.- (Excitado) ¡Vaia! ¡Segue vostede abraiando-me!

Xeneral.- A denominada “guerra das galáxias” ou *star wars* veu sendo un xeito de sublimación bélica, unha maneira ficticia, alomenos polo momento, de desprezar o que sería unha terceira guerra mundial cara o espazo exterior. No fondo, trata-se dun fenómeno que algúns expertos acordaron chamar “militarismo *keynesián*”. Quer dicir, recorreu-se ao gosto público para activar a economía, acelerando as anovacións tecnolóxicas. Ao mesmo tempo, reconverteu-se e reindustrializaoúse a industria pesada e tradicional, cuxa crise se radicalizou coa asfixia producida pola suba dos prezos do petróleo, base enerxética fundamental disos sectores industriais. ¿Segue-me vostede?

D. Vicente.- Si, si... Mais non para vostede de abraiarme.

Xeneral.- Os expertos falan de “militarismo *keynesián*” porque este fenómeno central propiciado pola revolución conservadora, xunto con outros cambios radicais operados na economía, na sociedade e nas estruturas políticas, consistiu no investimento do gasto público, non para cubrir directamente necesidades sociais, senón para financiar a carreira armamentista. ¿Entende-me?

D. Vicente.- (Sorprendido e atento) Si, por suposto. Continúe vostede.

Xeneral.- Ben, pode decatar-se de que se tratou dun fenómeno orixinal, paradoxico, tanto desde o punto de vista económico coma do militar.

D. Vicente.- Si, certamente.

Xeneral.- Históricamente, os impulsos tecnolóxicos máis importantes viñeron producindo-se a causa dos conflitos bélicos. Pero neste caso investiu-se en armamento en tempos de paz, porque se tratou sobretudo dunha guerra económica, tecnolóxica, de científicos e inxeñeiros. Levou-se a cabo impulsando os sectores ponteiros da industria armamentista e espacial...

D. Vicente.- Xa, xa...

Xeneral.- Asimesmo, hai que ter en conta que a revolución conservadora sublimou un conflito bélico xeneralizado, non somente através da economía, senón tamén da psicoloxía de masas e da confrontación ideolóxica. Para iso baseou-se na supresión anterior do patrón ouro e no establecemento do dólar como moeda de reserva en última instancia, xunto co controle manipulación dunha economía trasnacional, sobre todo do sector financeiro de punta. Ademais, utilizou hábilmente os mass-media internacionais, os medios de comunicación de masas, especialmente aqueles que dependen do soporte electrónico dos novos medios audiovisuais.

D. Vicente.- ¡Incrível!

Xeneral.- Agora xa sabe vostede, en liñas xerais, como se produciu o impulso actual e vertixinoso da revolución tecnolóxica que ten a súa orixe, pácticamente, desde a segunda guerra mundial.

D. Vicente.- Xa, xa... comprendo.

Xeneral.- De calquer xeito, ven producindo-se no espácio exterior algún tipo de conflito bélico. É o caso dos denominados satélites killer ou "asasinos". Mais a utilización militar do espácio exterior basea-se, sobretudo, alomenos polo de agora, en criterios loxísticos e no desenvolvemento de armas cada vez máis sofisticadas, como pode ser o raio láser. A procura dese "escudo protector" espacial é o que permite chegar a acordos de desarmamento xeoestratéxico entre as grandes potencias, motivado pola conseguinte obsolescencia defensiva que atinxe á despregadura de certos mísiles terrestres.

D. Vicente.- ¡Vaia! Todo encaixa. Alomenos, tal como o explica vostede...

Xeneral.- Non o duvide, Sr. Macías. Todo isto responde a unha estratexia deseñada pola Internacional Conservadora, pola que podemos denominar Trilateral Conservadora, de acordo co *establishment* militar-industrial, principalmente co Pentágono, claro.

D. Vicente.- Si, parece lóxico.

Xeneral.- A revolución conservadora, protagonizada polos Estados Unidos, en tandem co cada vez máis poderoso Xapón e facendo trípode coa CEE,

especialmente coa RFA, ademais de radicalizar unha nova e original guerra fría de confrontación coa Unión Soviética, obrigando a verificar profundas transformacións na suas estruturas, enquistadas desde os tempos de Stalin, esta revolución, digo-lle, levou a cabo un cambio drástico de sistema, facendo xa irreversible o asentamento planetario da civilización tecnolóxica.

D. Vicente.- ¡Asombroso!

Xeneral.- A demanda radical dun novo orde económico internacional, feita sobretudo polos países tercermundistas, atopou unha desposta dialéctica, segundo os expertos, nunca revolución planetaria, feita desde arriba, autoritaria... Unha revolución

Xeneral.- Por outro lado, a psicoloxía social segregada pola revolución conservadora está a fomentar un agudo individualismo, mesmo no que atines á sexualidade e até aproveitando ao seu favor a nova calamidade bíblica do SIDA... as reaccións colectivas e individuais ante cambios tan sutís e acelerados veñen sendo traxicas ou tamén cómicas... ¡Ou tragicómicas! Dignas dun esperpento valleinclanesco. Hai muito de soño, idealismo e crueldade refinada, de gloria e miséria, de contrastes fuxidios entre luces e sombras, que estouran como foguetes alucinantes na mente dun observador áxil e sensíbel.

D. Vicente.- Tal e como o está a describer parece máis ben unha guerra psicolóxica.

Xeneral.- E ten muito diso, polo de agora...

D. Vicente.- ¿Quer unha copa, xeneral?

Xeneral.- Eh... si, si. Muitas grácias. Poña-me, se pode, un *wodka* con laranxa.

D. Vicente.- (Abre o móvel-bar) Por suposto. Agora xa veñen preparados nestas botelliñas (Bota-lle a copa) ¿Unhas poucas avelás?

Xeneral.- ¿Ah, si! Estupendo. Gostan-me muito.

D. Vicente.- O señor que agarda fora vai encarregar-se dos reaxustes da empresa. Pero agora teño que ver as cousas con novos ollos, tras da sua proposta de dedicar un sector da miña fábrica, que será cada vez máis importante, para a produción de armamento con tecnoloxía lixeira e microelectrónica. A produción de globos pode seguir sendo, ademais de rentábel, unha boa tapadeira durante un prazo de tempo oportuno.

Xeneral.- Exacto. Hai que ter mui en conta a discreción. Neste sentido, temos bons informes sobre vostede... Pero estiven asistindo a unha discusión entre ese señor con aspecto de executivo e un dos seus obreiros... Carlos, creo que se chama. Parece-me contraproducente permitir ese tipo de disputas,

basatante politizadas, entre empregados de distinta categoria. Máxime agora que vai dedicar-se vostede á produción de armamento nacional.

D. Vicente.- ¡Ese señor Beira! Non se preocupe. Non volverá a repetirse. Trata-se dun bon obreiro, que leva moitos anos traballando na fábrica. Pero, xa sabe, é un home activo, luitador e inquieto. Ten ideas esquerdistas.

Xeneral.- Ideas... E práctica sindicalista. Segue unha praxis clásica de esquerdas, no sentido etimolóxico deste concepto grego, quer dicer, unha dialéctica entre práctica e teoría.

D. Vicente.- ¡Caramba! Está vostede moi enteirado desas cousas.

Xeneral.- (Sorrí) Os militares de certo rango, con misións de alta responsabilidade e reserva, temos que dispór dunha ampla documentación. Eu son economista. Pero formo parte dun comité no que recollemos e sistematizamos información procedente de moi diversas materias. Tráta-se dunha labor de carácter interdisciplinario, que hoxe axiliza enormemente a informática. Por iso tamén estou ao corrente de certas investigacións nos campos-límite da ciencia, nas tendencias de vanguardia, como a Enxeñería Xenética ou a Biónica, ou como as experiencias paracientíficas que tamén están a realizaren-se entre os medios militares e de intelixencia. Pode ser o caso da Parapsicología, ou Psicotrónica, como lle chaman nos países do Leste... E agora si que xa me teño que marchar. Adeus. Non esqueza as miñas recomendacións. Discreción absoluta. Poremo-nos en contacto con vostede axiña.

(Estreita a man do Sr. Macías)

D. Vicente.- De acordo. Por favor, diga-lle que xa pode pasar ao señor que está agardando para entrevistar-se comigo.

Xeneral.-Está ben. Tiven moito gusto en coñecé-lo.

D. Vicente.- O mesmo digo. Adeus.

(A meirande parte do escenario, que estaba oscura, vai iluminando-se lentamente. Descubre-se entón unha imaxe conxelada. A luz dos dous espacios escénicos que corresponden ao despacho e á fábrica será diferente. Xunto a Carlos e a súa máquina encontra-se agora Iago, rapaz dunha familia acomodada e amigo de Sila. Veste un traxe de moda, desenfadado. Adorna o seu pescozo cunha paxariña. A súa roupa é elegante, coma a de Sila, mentres que Xoel veste coma un *punki*, mais sen extravagancia. As figuras comezarán a mover-se lentamente, seguindo o ritmo da iluminación, até que a luz se fai normal e as personaxes actúan tamén con normalidade).

Iago.- ¿Dixeron se ían volver?

Carlos.- Non, non dixeron nada.

(Chega o Xeneral. A luz xa é normal)

Xeneral.- Digan-lle ao señor que tiña unha cita con D. Vicente que xa pode pasar.

Carlos.- Marchou agora mesmo, señor. Dixo que o sentia, pero que tiña muita presa.

Tamén engadiu que, non obstante, telefonearia máis tarde ao Sr. Macías.

Xeneral.- Está ben. Pois fagan o favor de dicer-lle-lo a D.Vicente. Eu tamén levo muita presa. ¡Adeus! (Fai mutis)

Carlos.- ¡Adeus! Iago, ¿queres ir ao despacho de D. Vicente e dar-lle o recado?

Iago.- De acordo. Vou agora mesmo.

(Mentres Carlos segue a traballar na máquina, Iago entra no despacho de Sr. Macías)

Iago.- ¿Podo entrar, D. Vicente?

D. Vicente.- (Revisando uns papeis) ¡Ah! Hola Iago. Pasa, pasa...

Iago.- O señor que agardava por vostede tivo que marchar-se. Telefoneará máis tarde.

D. Vicente.- ¿Eh? Ben. De acordo. Pero pasa... Pasa e séntate.

Iago.- (Senta-se) Muitas grácias.

(Entra a Sra. de Beira na fábrica).

Sra. de Beira.- ¿Non está aquí Xoel?

Carlos.- Non. Hai dezaseis meses que non o vexo.

Sra. de Beira.- Pois leva catro anos sen aparecerc pola casa.

Carlos.- ¿Tanto? Non o sabía.

(No despacho)

D. Vicente.- (Con xesto reflexivo) Sorprendeume o xeneral que acaba de saír. Estivo explicándome os cambios que produciu a revolución conservadora...
¡Parece increíble!

Iago.- Por suposto. Non sei o que lle diría, pero penso que tamén estou ben enteirado do asunto.

D. Vicente.- ¡Ah, Iago! Esquecía que ti andas ben metido na política. Mais sempre demostráche ser moi intelixente. Dime, ¿qué pensas ti de todo iso?
(Na fábrica)

Sra. de Beira.- Traballas demasiado. Algunha vez terías que vir pola casa.

Carlos.- Non é mala idea.

Sra. de Beira.- A fábrica... E despois, entre atender ao Sindicato e ao Partido...

Carlos.- ¿Mais que? Non entendes que se non traballo tampouco hai cartos? Este é o meu sitio e nunca me moverei de aquí, ¿entendes?
(No despacho)

Iago.- A revolución conservadora fixo abstracción das leis económicas e históricas para provocar un salto cualitativo cara adiante, asentado en todo o planeta un novo sistema de xeito irreversible: a sociedade ou civilización tecnolóxica. Para os que nos encontramos entre os chamados *yuppies*, o relevo xoven da tecnocracia progresista, trata-se dun cambio eminentemente económico e tecnolóxico, pero tamén dunha involución ideolóxica e social. Isto é consecuente coa liña dun radicalismo conservador. A min define-se-me, por exemplo, como un barón, un falcón, un duro, pero sigo unha liña liberal, fexível, desde o punto de vista ideolóxico e social. ¿Entende-me vostede?

D. Vicente.- Si, por suposto. ¿Mais que fixeron concretamente os conservadores no terreo económico? A min é o que máis me interesa como empresário, ¿non si?

(Entran Sila e Xoel na fábrica)

Xoel.- ¡Hola Carlos! Ah, mamai, ¡canto tempo sen verte! Tes un aspecto mui “chungo”

Sila.- ¡Hola “sogros”! ¿Cómo vai esa vida matrimonial?

Sra. de Beira.- Hai lustros que non ves pola casa, fillo.

Sila.- E que andamos mui liados coa “basca”. A papai si que o vemos algo máis a miúdo (Aloumiña-o) ¿Non si, tesouro?

Sra. de Beira.- Nena, as manciñas quedas, que ese non é o teu pai nen nada que che pertenza.

Sila.- ¡Oh, mamai...! Cando te vas enteirar de que estes son outros tempos. ¡Imos cara a Era de Acuário!

Sra. de Beira.- A min non me importa. Ese non é o meu signo do Zodiaco. ¡E tamopuco son a tua nai!

Sila.- ¡Reprimida!

Sra. de Beira.- ¡Nena de papai!

(No despacho)

Iago.- Ao acelerar a revolución tecnolóxica, os conservaadores radicais recompuxeron o sistema nos catro puntos cardinais do planeta, cambiando rápidamente a correlación internacional de forzas socio-económicas e políticas, apoiando-se no eixo leste-oeste, en detrimento do eixo Norte-Sul. Impuxeron de xeito autoritário un novo orde económico internacional, provocando un forte pulo no proceso de terciarización da estrutura económica de produción.

D. Vicente.- ¿Proceso de terciarización?

Iago.- O sector económico terciário, xa sabe vostede, é o de servícos.

D. Vicente.- ¡Ah!

Iago.- Converte-se no sector chave da produción na sociedade tecnolóxica, como o fixo o sector secundario ou industrial na civilización anterior, ou o primario, agrícola, na primeira sociedade agraria que comezou coa revolución neolítica. Naturalmente, o proceso histórico é agora muito máis rápido e xa non está hexemoneizado pola nobreza ou pola burguesia nacionalista e industrial, senón polo sector cuaternario e internacionalista da tecnocracia. Claro que as clases sociais tamén se transforman através da historia.

D. Vicente.- Claro, claro. Tamén os campesiños foron facendo-se obreiros e agora...

Iago.- Traballadores de servizos. Todo isto é unha simplificación abusiva, aínda que os radicais de calquer tendencia son simplificadores, como Mr. Reagan e os seus acólitos.

(Na fábrica)

Xoel.- Papai, tira unha carta deste mazo.

Carlos.- ¿Eh? ¿Que é isto?

Xoel.- Pois unha baralla. ¿Non o ves?

Carlos.- Si, mais é mui rara, ¿non?

Xoel.- E un Tarot.

Carlos.- ¿E iso que é?

Xoel.- Pois unhas cartas para botar e facer adiviñas. Tira unha delas, a ver como andas de sorte.

Carlos.- ¡Eu non creio nesas cousas!

Sila.- Anda papai, non sexas tímido. ¡A min o Tarot gusta-me “mogollón”!

Sra. da Beira.- ¡Que nena máis lercha!

(No despacho)

D. Vicente.- ¡Caramba, Iago, pareces un marxista! ¡E fas-me falar a min tamén nos mesmos termos!

Iago.- (Ri) Non se asuste, Sr. Macias. Xa me coñece vostede...

D. Vicente.- Si, claro, claro... Por iso me extraña o teu xeito de expresarte.

Iago.- As ciencias sociais comezaron a desenvolveren-se, sobretudo, no século XIX, cando madurece a sociedade industrial e urbana. Marx elabora nesa época as súas teorías, ademais de realizar unha actividade política e sindical. Hoxe temos que admitir a súa xenialidade universal como pensador e científico. No seu tempo, a meirande parte da poboación vivía aínda no medio rural e Alemaña, o seu país natal, estaba mui atrasada. Os *junkers* alemáns, os terratenentes, só comezaron a transformar-se en burgueses despois da penetración no seu país das tropas napoleónicas. Marx acodeu a Gran

Bretaña, berce da primeira revolución industrial. Alí contou coa fecunda colaboración do seu amigo Engels.

(Na fábrica)

Carlos.- Está ben. A ver... ¡Esta! (Colle unha carta do Tarot)

Sila.- ¡Deixa-me ver o que di, Xoel!

Xoel.- “A Vida”: “non agardes de min máis do que che dan os teus pais”. ¡Vaia! Nen que estiveses pensando en min, tio. ¡Era-che boa!

Carlos.- ¡Esas son tonterias!

Xoel.- Mais para facé-lo ben, hai que botar as cartas do Tarot de outro xeito...

(No despacho)

D. Vicente.- Daquela, nos tempos de Marx, a sociedade aínda vivía dunha economía agraria...

Iago.- Na súa meirande parte. Pero un dos grandes méritos de Marx estivo en descubrir que a nova relación e contradicción económica de clases sociais, onde estaba a vanguardia minoritaria, xa tiña lugar entre a burguesía industrial e o movemento obreiro, a causa da proletarización dos campesiños nas fábricas.

D. Vicente.- ¡Se non confiase en ti, diría que es un marxista!

Iago.- (Ri) ¡Deixe-me acabar, D. Vicente! Hoxe, aos que se lle enche a boca falando de marxismo, non son precisamente os máis perigosos. Marx descubriu un método filosófico e científico, que aplicou aos problemas e contradicións da súa época, através do desenvolvemento das aínda incipientes ciencias sociais. A meirande parte dos seus seguidores, aínda hoxe, esqueceron o método científico de interpretación e transformación social, para aferrarense a un dogma ideolóxico e pseudorreligioso que xa non se axeita aos nosos tempos. Traicionaron ao seu mestre e ficaron desnortados. Os falcóns da revolución conservadora aproveitaron, precisamente, esta coxuntura favorábel para eles.

D. Vicente.- ¡Ah!

Iago.- Hoxe, as ciencias sociais están muito máis desenvolvidas. Mesmo se aplican de maneira empírica, como fixo, ao seu xeito, o propio Reagan.

D. Vicente.- ¡Vaia!

Iago.- Claro. Marx formava parte, no seu tempo, dunha minoría ilustrada, con moitos menos medios de investigación e información que hoxe. Na nosa sociedade occidental ampliou-se moitísimo esa élite minoritaria entre unha extensa capa de clases medias. Do *Homo Faber*, do home agrícola, artesán e industrial, evoluímos cara o *Homo Technologicus* ou mesmo cara o *Homo Intelligens*, o

home intelectual, científico e tecnolóxico. O *Homo Faber* desenvolveu a súa vida no planeta Terra, por completo. O home tecnolóxico e intelixente da Era espacial camiña cara a conquista do espácio exterior.

D. Vicente.- ¡Pois si que é certo! Si señor.

Iago.- As mitoloxías actuais inspiran-se cada vez máis en temas espaciais e extra-terrestres. Mire vostede, para Marx, o muiño de vento e a máquina de vapor foron, respectivamente, os símbolos técnicos das sociedades agraria e industrial. Hoxe correspondería-lle ao ordenador electrónico, tecnoloxía cada vez máis vinculada á intelixencia, ser o símbolo da civilización tecnolóxica.

D. Vicente.- ¿Estás tolo? ¡Esas son trapalladas!

Iago.- Ben, hai fraudes ou frivolidade en todas as cousas. Pero a Astroloxía científica non se basea no método siloxístico de Aristóteles, fundamento da lóxica occidental posterior, mais noutro que ten o seu cimento na analoxía binaria e dialéctica. Este método goza hoxe, outra vez, de gran aceptación, aínda que xa o atopamos entre as relixións, filosofías e coñecimentos científicos máis ancestrais.

D. Vicente.- ¡Caramba!

(Na fábrica)

Xoel.- Por certo, ¿de que falávades cando chegamos?

Carlos.- ¡O de sempre! A tua nai non entende que casou cun obreiro.

Xoel.- ¿Algunha razón terá ela tamén, non si?

Carlos.- ¡Non sei para que che digo nada! ¡Es coma a tua nai!

Xoel.- ¡Non sodes vós os únicos que tedes algo que dicer! Tampouco é difícil conformar-vos se os que mandan reparten pan e circo. Non sodes os máis virtuosos... Nen sequer sodes agora os máis perigosos. Sodes, iso si, tan egoistas coma o resto dos mortais!

(No despacho)

Iago.- Os astrólogos din que imos cara a Era de Acuario e saímos da de Piscis. A nova era extrovertirá os potenciais que xacen introvertidos na era pisceana, conducida polo cristianismo. Xa coñece aquel símbolo primitivo e esotérico do peixe que tiñan os cristiáns antigos...

D. Vicente.- ¿Eh...? Si, si.

Iago.- Ben, pois... Ao mellor vostede é cristián e parece-lle que quero ofendé-lo.
(Ergue-se a pasear polo despacho).

D. Vicente.- Non, non te preocupes. Son crente, aínda que non bon practicante.

Iago.- Ben, eu respeto as suas crências, pero analizo o cristianismo segundo investigacións históricas diferentes ou interpretacións teolóxicas e crísticas... Ortodoxas ou heterodoxas en todos os casos.

D. Vicente.- Xa. Comprendo.

Iago.- E tamén interpreto o cristianismo, nas suas diferentes correntes, desde os puntos de vista que me facilitan os dados reais xenerados polos cambios de estruturas, tan veloces, que estamos a vivir. Pois ben, segundo os astrólogos, á Era de Acuario correspondería-lle un socialismo de corte liberal. Unha especie de democracia onde os individuos non estarían sometidos a colectivos sociais ou normas rixidas e dogmáticas. Lembre-se que o Estado romano asumiu o cristianismo baixo o império de Constantino. Os estados modernos de Occidente, pola sua parte, asumiron formas diferentes e matizadas de socialización, mediante o “estado de benestar”. Os países máis atrasados, capitaneados pola superpotencia soviética, mentres se veu desenvolvendo a sociedade industrial, adoptaron formas máis dogmáticas e mesmo totalitarias.

D. Vicente.- ¡Certo!

Iago.- Agora o proceso é global, planetario. Os estados nacionais da burguesia están en decadencia e camiñamos cara espacios supranacionais integrados. O Superestado que pretende cristalizar a Comisión Trilateral nun goberno planetario –e espacial- terá que asumir o movemento ecoloxista... Mais, ben, teño que marchar-me.

D. Vicente.- Acompaña-te. Saíremos por esta outra porta. Direi-lle a Sila que estiveche aquí. Teño que arranxar un problema con ela. ¡Ah, canto mellor lle iría contigo a miña filla e non con ese tolo e vago de Xoel!
(Fan mutis sen pasar pola fábrica)

Caetano.- (Entrando na fábrica) Perdoen vostedes se interrompo. Estava a porta aberta e...

Sra. de Beira.- Bons días, señor Caetano. ¿Cómo vai ese reuma?

Caetano.- ¡Mui mal, señora, mui mal!

Xoel.- (Ao pai) Nunca nos entenderemos se non escoitades o que vos temos que dicer.

Caetano.- Perdoe, mais eu acabo de chegar e non sei de que falaban.

Xoel.- Non é con vostede... (Ao pai) ¡Hai que acabar coa intolerancia!

Carlos.- ¡O que pasa é que ti es mui puro e non queres lixar as mans!

Sra. de Beira.- ¡Por favor, baixade a voz, que vai vir o Sr. Macías!

Xoel.- Talvez é certo o que dis. O ambiente arrastra... Muitos rapaces viven hoxe coma eu... Ou aínda lles vai moito peor. Algúns por desengano, outros por non saber que facer e, quizá, os máis, por apatía, seguen no partido durante anos. ¡Iso é o que che amola! O meu caso e o de outros rapaces que estivemos militando xuntos.

Carlos.- ¿Que hai que facer, daquela...?

Xoel.- Non o sei. ¿Sabe-lo ti?

Carlos.- Tampouco...

Xoel.- Pois xa temos algo en común para comezar.

Caetano.- Perdoen vostedes. Eu viña traer-lle estes tomates e unhas leitugas á Sra. de Macías...

(Entran D. Vicente e o Predicador)

D. Vicente.- Sra. de Beira, vostede non cumpre o que acordáramos. ¡Ah! Non sabía que estaba vostede aquí, don Caetano.

Predicador.- ¡Este noivado contra-natura non pode continuar!

(Xoel e Sila soben enriba da máquina dun brinco)

Xoel.- (Arengando, trasposto) ¡Non escoitedes ese canto de sereia, meu pai! ¡Ser ou non ser! Unha nova era está a abrir-se diante de nós!

(Escoitan-se os coñecidos compases do “Allegro con fuoco” da “Sinfonía do Novo Mundo”, de Antón Dvorák)

Caetano.- ¿Que di?

(Comeza a avanzar cara eles, ameazante, o túnel. Acenden-se e apagan-se lóstregos de cores no seu interior.)

Xoel.- ¡Ven, nova era, non te deteñas!

(Cai ao chan. Os globos, que xa enchen todo o lugar, irán estourando mentres se produce a catástrofe)

Sila.- ¡Ven, nova era! Ven...! (Cai ao chan).

D. Vicente.- ¿Que é o que pasa? ¿Que significa este estrondo? ¡A miña fábrica está derrubando-se!

Predicador.- ¡O milénio! Arrependámonos que é o fin do mundo. ¡O Xuicio Final!

(Cai. Soan trompetas de apocalipse)

D. Vicente.- ¡Deus Santo! ¡A Terceira Guerra Mundial! Colleu-me por sorpresa... Terei que dedicar-me canto antes á fabricación de armamento. ¡Tiña razón o xeneral!

(Cai. Escoitan-se ruídos de guerra: avións, bombas, ametralladoras, etc.)

Caetano.- ¡A treboada! ¡Van-se-me estragar os repolos!

(Cai. Treboa)

Carlos.- ¡Estamos perdidos!

Sra. da Beira.- ¡Señor, socórrenos!

(Cain, no meio de todo o estrondo. Van desaparecendo os ruídos. O túnel engolíu-nos a todos. Agora escoita-se un zumbido penetrante. Entre os lóstregos de cores e desde o fondo do túnel, dúas siluetas se aproximan lentamente. Son dous extraños humanoides. Non sabemos se se trata de alieníxenas, porque isto non está aínda científicamente comprobado. Un deles é alto e outro pequeno. As súas voces son metálicas. Tras deles, no fondo, suspendida no ar, a silueta dunha nave espacial, talvez para viaxar no tempo).

Humanoide Pequeno.- ¡Ois! Pois si que a fixeron boa estes!

Humanoide Alto.- Si. Case non o contan.

Humanoide Pequeno.- ¿Queda-lles algunha oportunidade máis?

Humanoide Alto.- Si. No super-espacio quedan moitas dimensións.

Humanoide Pequeno.- ¡Pois a ver se atopan dunha puñeteira vez o camiño desa nova era e deixan de amolar-nos aos viciños!

Humanoide Alto.- Imonos, que comezan a despertar.

(Soa de novo o zumbido. Os humanoides voltan cara o fondo do túnel, que se irá retirando, até atinxir a normalidade inicial. A luz sobirá lentamente de intensidade. Será a mesma para iluminar todo o escenario, incluído o despacho do Sr. Macías. Ao mesmo tempo, van erguendo-se todos e limpan as roupas, cos xestos é quen volven dun soño profundo).

D. Vicente.- (Dirixíndose ao público) Bons días, señores. ¡Temos unha mañá excelente! Luce o sol espléndido e chirlan os páxaros...

(Acabou-se o espectáculo. Saúdan os actores)